

 EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA

 Banda Sinfónica
Municipal de
Ribadeo

 Asociación Amadores da Música



BMMR

Concerto das Letras Galegas

17 de maio. 20:30 h. 2008
Salón de Actos
IES Dionisio Gamallo Fierros



Concerto das Letras Galegas

Un ano máis a Banda de Música Municipal de Ribadeo (BMMR) quere render unha homenaxe ás nosas letras no seu día. Como vén sendo tradicional dende a súa posta en marcha no ano 1992 a BMMR presenta neste concerto un programa que ten a música galega como eixo central. Música galega para o día das letras galegas. Un xeito de reafirmar un compromiso que a BMMR trata de manter vivo ao longo de todo o ano coa intención de que non só un día sexa día das letras ou da música do país se non que se manteñan vivas ao longo dos 365 días do ano.

Un pasodobre de J. Teixidor para comezar, *Sangue de artista*, que regresa aos atrás da BMMR dende os primeiros anos da formación cando xa ten formado parte en dúcias de ocasións do seu repertorio; a única obra foránea do repertorio é unha marcha triunfal *Invicta* de James Swearingen coa que a BMMR vai dar paso a un final de concerto de novo con marcado aire do país. De Xoán Montes, creador da *Balada Galega – Negra Sombra*, é *Lonxe da Terriña* unha peza coa que o lucense quere expresar a morriña que sentiron aqueles que tiveron que abandonar Galicia. O que fora director e mentor da BMMR, Hernán Naval, de quen se cumpren sete anos do seu pasamento, asina a obra *Lonxe do mar*, inspirada nun poema *Lejos del mar*, do seu admirado poeta, o uruguayo Mario Benedetti. E para pechar un pasodobre clásico no repertorio da municipal ribadense,

Lugo – Ferrol, que vai dar pé á interpretación institucional do Hino Galego.

Unha vez máis a BMMR quere reafirmar o seu compromiso coa lingua galega e cos seus escritores pero tamén coa música do noso país e máis cos seus creadores. Entre todas e todos temos á obriga de manter vivo un nobre patrimonio inmaterial que axuda á nosa identificación como pobo.

Programa

Sangre de artista	J. Teixidor
Invicta	James Swearingen
Lonxe da terriña	Xoan Montes
Lonxe do Mar	Hernán Naval
Lugo-Ferrol	G. Baudot
Hino Galego	Pascual Veiga

Director: Lourenço Cruz

